Ma Concepción Prado Álvarez (desde o 1 de setembro),
vicesecretaria do COPG

Víctor Manuel Torrado Oubiña,
vogal da Xunta de Goberno

Xavier Sardiña Agra,
presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde

Rosa Cerqueiro Landín,
secretaria da Sección de Psicoloxía e Saúde

ACTIVIDADES

A Comisión de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias reuniuse en 7 ocasións en 2016. Resolvéronse 26 expedientes positivos e 2 negativos.

6.6. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN DE PSICÓLOGA/PSICÓLOGO EXPERTO EN NEUROPSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG, conxuntamente coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía e a Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve un procedemento de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica. Este procedemento de acreditación é o resultado do traballo consensuado entre as citadas institucións, que consideran que a práctica da neuropsicoloxía clínica require dunha formación especializada, tanto en aspectos teóricos como prácticos, que reúna criterios de calidade que deben ser acreditados polos Colexios Oficiais de Psicología.

Esta acreditación serve para cumprir dous obxectivos principais: por unha banda, permitirá garantir que os servizos que a experta/experto en neuropsicoloxía clínica proporcione á sociedade sexan dunha alta calidade, asegurando que as psicólogas e psicólogos que os desenvolven dispoñen da formación necesaria, e, por outra banda, servirán para establecer as bases dun futuro recoñecemento da acreditación oficial da neuropsicoloxía clínica.

A Comisión reuniuse nunha ocasión, resolveu en 2016 un total dunha solitude de expedición da acreditación, a cal resultou positiva por cumprirse os requisitos establecidos pola regulación actual.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Rocío García Calvo (ata o 1 de setembro de 2016),
secretaria do COPG

M^a Concepción Prado Álvarez (desde o 1 de setembro de 2016),
vicesecretaria do COPG

Ignacio Dopico González,
representante do COPG

Ester Asensio Cubero,
representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Ana Jartín Abreira,
representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Marina Rodríguez Álvarez,
representante da Universidade de Santiago de Compostela

6.7. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PARA A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 2 de febreiro
- 3 de maio
- 20 de setembro

Reunións celebradas pola Comisión de Intrusismo do Consejo General de la Psicología en 2016:

- 7 de maio

Reunións celebradas pola Comisión de Intrusismo de Unión Profesional de Galicia en 2016:

- 11 de marzo
- 2 de decembro

Reunións celebradas polo grupo de traballo do COPG co Colexio de Xornalistas en 2016:

- 26 de novembro de 2016

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicología de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión, figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicología como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, pseudociencias, así como dos/as profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Concepción Prado Álvarez,
coordinadora.

José Manuel Pazos Riveiro
Xabier Macías Virgós

Mercedes Carreño Fernández (a partir do 27 de maio de 2016).

ACTIVIDADES

Ao longo do ano 2016, recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicología de Galicia un total de **28 queixas** por intrusismo profesional, as cales foron abordadas Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. As casuísticas máis comúns de queixa son as de profesionais doutro ámbito que realizan actividades propias da psicología; a mala denominación da súa titulación, por



Membros da Comisión

chamarse psicólogos ou psicólogas clínicas sen estar en posesión do título de psicólogo/a especialista en psicoloxía clínica; ou psicólogos e psicólogas colexiadas noutra comunidade autónoma sen acatar o artigo 3.2 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro e a súa reforma na Lei 25/2009, de 22 de decembro (Lei Ómnibus), a cal indica que é requisito para o exercicio da profesión estar inscrito no colexio profesional de psicoloxía correspondente segundo a comunidade autónoma na que exerza.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía realizáronse accións de difusión dirixidas especificamente á sensibilización, a través de escritos a diferentes entidades e das redes sociais, sobre a importancia da garantía profesional dos servizos que se demandan. No mes de febreiro enviouse un correo electrónico a todos os concellos de Galicia, aos CIMs e a diferentes entidades do SERGAS cunha campaña en contra do intrusismo profesional.

A Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo participou cun simposio titulado “Psicoloxía e sociedade” no III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia o 3 de xuño de 2016. Participaron como relatores Francisco Blanco Romero e M^a Teresa Hermida Pérez, presidente e vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e os membros da Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo José Manuel Pazos Riveiro e Xabier Macías Virgós.

Por último, no mes de novembro a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo do Colexio creou un grupo de traballo xunto co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia co obxectivo de realizar un traballo conxunto para abordar temáticas desde os dous ámbitos profesionais. A primeira reunión celebrouse o 26 de novembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. A finais do primeiro trimestre de 2017 presentaranse as conclusións acadadas polo grupo.



7.

GRUPOS
DE TRABAJO7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xaneiro
- 22 de febreiro
- 21 de marzo
- 25 de abril
- 30 de maio
- 27 de xuño
- 26 de xullo
- 5 de setembro
- 10 de outubro
- 14 de novembro
- 12 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

Julita M^a Touriño Araújo

Secretaria

M^a Carmen González Hermo

Aurora Rozadilla Arias

José Ramón García Gómez

Concepción López Martín

Emma Diéguez Teijeiro

Ana M^a Núñez Rubines

ACTIVIDADES

a) Formación interna:



Membros do Grupo de Intervención
Psicológica en Catástrofes e Emerxencias



- Seminario I: “Repensando as intervencións de 2015”.

Data: 13 de febreiro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: Elena Seoane de la Fuente, Isabel Vázquez Prado, Aurora Rozadilla Arias, Sandra Izaguirre García, M^a Jesús Taboada Costas, Elena González Cid, Purificación Leal Docampo, M^a Luz Losada Somoza, M^a Carmen González Hermo, Ana M^a Núñez Rubines, Carmen Patiño García, Concepción López Martín e Ana Isabel Martínez Arranz.



Xornada “Repensando sobre a comunicación de malas novas”



Xornada “Intervención psicológica no accidente aéreo de Germanwings”

- Xornada “Repensando sobre a comunicación de malas novas”.
Data: 21 de maio.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Docentes: Olegaria Mosqueda Bueno, M^a Jesús Taboada Costas, Isabel Cabado Fidalgo, Concepción López Martín, José Ramón García Gómez, Avelina Senra Comesaña, M^a Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza e Leonor Galiana Caballero.
- Xornada “Intervención psicológica no accidente aéreo de Germanwings”.
Data: 12 de novembro.
Lugar: Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.
Docente: Andrés Cuartero Barbanoj.

b) Intervencións:

Durante este ano realizáronse 20 intervencións directas e 4 máis que foron telefónicas. Foi o ano no que maior número de intervencións realizamos desde que temos convenio. Á parte destas, nas que se interveu directa ou telefonicamente, houbo tres situacións máis nas que estivemos GIPCEs en alerta pero nas que non houbo finalmente demanda.

- **Violencia de xénero:**
12 e 13 de febreiro en Becerreá (Lugo).
9, 10 e 11 de abril en Lugo (Lugo).
17 de decembro en Santiago de Compostela (A Coruña).
- **Mortes violentas:**
28 de xullo en Arzúa (A Coruña).
- **Suicidios:**
19 de maio en Santiago de Compostela (A Coruña).
9 de xuño en Cambre (A Coruña).
16 e 20 de xuño en Ames (A Coruña).
18 de xuño en Melide (A Coruña).
19 de setembro en Vedra (A Coruña).
21 e 23 de setembro en Teo (A Coruña).

■ Desaparicións:

27 de agosto na Pobra do Caramiñal (A Coruña).

31 de agosto en Pontevedra (Pontevedra).

Accidentes laborais:

18 de xaneiro na AGASP na Estrada (Pontevedra).

24 de abril en Muxía (A Coruña).

22 de maio en Lobios (Ourense).

23 de setembro en Sada (A Coruña).

■ Accidentes de tráfico:

3 e 4 de abril en Sober (Ourense).

18 de abril en Incio (Lugo).

23 de xuño en Pontevedra (Pontevedra).

14 de agosto en Mondoñedo (Lugo).

9 e 10 de setembro en Porriño (Pontevedra).

17 de setembro en Cercedo (Pontevedra).

29 de outubro en Logroño (La Rioja).

11 de decembro en Vigo (Pontevedra).

■ Outras intervencións:

28 de xaneiro en Arbo (Pontevedra).

c) Formación impartida:

- Durante este ano impartíronse na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un total de 56 horas de formación distribuídas en 10 cursos dirixidos á Policía Local e ao voluntariado de Protección Civil.
 - Curso “Psicoloxía policial”. Celebrouse os días 8,15, 22 e 29 de abril e 6 e 13 de maio. Destinado a membros da Policía Local.
 - Curso “Apoio psicolóxico básico en situacións críticas de emerxencias ou catástrofes”. A primeira edición tivo lugar os días 25 e 26 de maio e a segunda os días 14 e 15 de xuño. A actividade foi destinada para o voluntariado de Protección Civil. De 16 horas de duración.
 - Conferencia “Aspectos e ferramentas psicolóxicas para a xestión do estrés en intervinientes e actuación con suicidas e enfermos mentais” destinada á Policía Nacional. De dúas horas de duración.
- Dous seminarios no Mestrado de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade de Santiago de Compostela o 12 e 19 de abril. O primeiro deles versou sobre os primeiros auxilios psicolóxicos e o segundo tratou sobre a intervención no accidente do tren Alvia. A duración de cada un deles foi de dúas horas.
- Impartiuse unha charla informativa sobre concienciación e sensibilización dos accidentes de tráfico, levada a cabo no IES Celanova en Ourense o día 4 de abril.
- Participación nas I Xornadas de Atención e Apoio ao Alumnado con Enfermidade Crónica na mesa “Apoio psicolóxico en emerxencias”. Celebradas en Santiago de Compostela o 17 de outubro.
- Participación no III Congreso Profesional de Psicoloxía de Galicia que tivo lugar do 2 ao 4 de xuño en Santiago de Compostela.
- A participación por parte dos membros do grupo foi realmente activa con tres pósteres, dúas comunicacións orais, un obradoiro e dous simposios.

- Obradoiro “Intervención en situación de crise en centros educativos”. Impartido por Concepción López Martín, membro do GIPCE.
- Comunicación oral sobre a “Intervención psicolóxica en emerxencias por naufraxios e desaparicións no mar”. Presentada por Ana Mª Núñez Rubines, membro do GIPCE.
- Comunicación oral sobre “Xestión das emocións en familiares das vítimas do tren Alvia. A antesala da incerteza”. Presentada por Sandra Izaguirre García, Isabel Cabado Fidalgo e Fernando González Iglesias. Este traballo levou o premio á mellor comunicación do Congreso. Todos eles membros do GIPCE.
- Conferencia sobre a “Investigación sobre as consecuencias psicolóxicas en vítimas de desastres”. Como relatora estivo Mª Paz García Vera, catedrática do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidad Complutense de Madrid.
- Participación no simposio sobre a intervención en violencia de xénero por parte de Mª Luz Losada Somoza. Membro do GIPCE.
- Intervención no simposio sobre suicidio por parte de José Ramón García Gómez, membro do GIPCE.
- Presentación dos seguintes pósteres:
 - “Intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia” e “A psicoloxía de emerxencias en Galicia. Intervencións do GIPCE 2005-2015”, ambos elaborados por José Ramón García Gómez, Concepción López Martín e Ana Mª Núñez Rubines. Todos membros do GIPCE.
 - “Intervención nun caso de suicidio”, de Mª Carmen Patiño García. Membro do GIPCE.



Durante o simulacro no aeroporto Lavacolla

d) Participación en simulacros:

- No aeroporto de Peinador (Vigo) o 9 de xullo, con catro xuntanzas preparatorias previas os días 16 de marzo, 22 de abril, 7 de xuño e 4 de xullo e unha posterior de avaliación o 16 de xullo. Participaron seis GIPCEs.
- No aeroporto de Alvedro (A Coruña) o 22 de novembro. Houbo dúas reunións de preparación do simulacro os días 27 de outubro e 16 de novembro e unha xuntanza de revisión o día 1 de decembro. Participaron tres GIPCEs.
- No aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela) o 14 de decembro. Houbo dúas xuntanzas de preparación os días 14 de novembro e 12 de decembro. A reunión de revisión tivo lugar o mesmo día do simulacro. Participaron tres GIPCEs.

e) Reunións:

- Xuntanza co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil, José Gil de Bernabé Sánchez, o día 8 de febreiro para abordar o convenio deste ano entre Protección Civil e o GIPCE.
- Xuntanza co novo subdirector xeral de Protección Civil, José Antonio Grandas Arias, o día 23 de marzo para abordar o convenio deste ano entre Protección Civil e o GIPCE.
- O 29 de marzo con Manuel Corredoira, director xeral de Educación e Innovación Educativa para tratar a proposta formativa deste ano.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha xuntanza o 31 de marzo co vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, na que se abordou o convenio que manteñen o GIPCE e a Protección Civil.
- As Xornadas de Formación para Coordinadores de Emerxencias dos COPs, organizadas polo Consejo General de la Psicología e celebradas en Madrid o 21 de outubro, contaron coa presenza de membros da EFPA.
- A xuntanza estatal do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes o 5 de novembro.
- A decana mantivo unha xuntanza co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, o 11 de novembro, co fin de tratar o convenio do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

f) Grupos de Traballo**■ Grupo de gardas**

Formado por: Isabel Cabado Fidalgo, M^a Leonor Galiana Caballero, Elena González Cid, M^a Carmen González Hermo, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, M^a Luz Losada Somoza, Ana M^a Núñez Rubines, M^a Carmen Patiño García, Aurora Rozadilla Arias, M^a Elena Seoane de la Fuente, M^a Jesús Taboada Costas, Julita M^a Touriño Araujo, Olegaria Mosqueda Bueno, Isabel Vázquez Prado e Lorena Nieto Iglesias.

Formado por 16 persoas encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.atención a emerxencias.

■ Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI)

Formado por 6 persoas: Leticia Cariñena Amigo, José Manuel Campal Fernández, M^a Jesús Lillo Montes, Gonzalo Opazo Marra, Avelina Senra Comesaña, M^a Jesús Taboada Costas.

O GAI é un grupo de apoio a intervenientes formado por integrantes do GIPCE e encárganse de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención. A decisión de apoio vai a estar guiada polas características da intervención.

Durante o ano 2016 non se activou o GAI posto que o labor que se levou a cabo durante o ano foi de avaliación, reestruturación e renovación dos seus membros.

Reunión interna:

O traballo desenvolto neste sentido foi a través de correo electrónico e non houbo ningunha xuntanza. O labor de avaliación comezou coa elaboración e envío dunha enquisa a todos os membros do GIPCE. O obxectivo era saber se realmente se consideraba útil o traballo que se fai a nivel de apoio tras as intervencións, ou polo contrario non o vían necesario. O resultado foi que unha maioría si consideraba necesaria a intervención do grupo polo que o motivo fundamental da súa creación quedaba avalada.

Tras este punto de partida, o seguinte paso foi a renovación dos seus membros, os mesmos desde que se creara. Decidiuse abrir o grupo a novas incorporacións, e deste proceso de captación de novos membros son tres os que pasan a relevar nas súas funcións a outros tres que son baixa.

A reestruturación do funcionamento e das tarefas do grupo serán un obxectivo sobre o que terán que traballar durante o ano 2017.

■ Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado por: Ana Isabel Martínez Arranz, Elena González Cid (provincia da Coruña), M^a Jesús Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García Gómez (provincia de Ourense) e M^a Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Formado pola Coordinadora e os catro membros do GIPCE que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias. Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Durante este ano non se participou en ningún Plan de Emerxencias Exterior pero si se participou na solicitude de actualización de representantes por parte do GIPCE no Plan de Emerxencias Exterior do Polígono A Grela-Bens.

■ Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por: M^a Luz Losada Somoza, Lorena Nieto Iglesias, Raquel Malvárez García e Isabel Vázquez Prado.

Encárganse de revisar e rematar o Plan de Emerxencias Interno.

Durante este ano non tiveron xuntanza quedando pendente para o 2017.

■ Grupo de Traballo encargado de elaborar Material de Intervención.

Formado por: María Carou López, Emma Diéguez Teijeiro, M^a Leonor Galiana Caballero e Julita M^a Touriño Araújo.

Durante este ano deixou de estar activo e deu por finalizada o seu labor de filiación e triaxe, comezando coa revisión do Protocolo de Activación, que será editado no ano 2017.

g) Difusión:

- Publicación dos seguintes artigos na revista *EDUGA, Revista Galega do Ensino*:
 - “A comunicación de malas novas e o proceso de dó”.
 - “Xestión do impacto psicolóxico en situacións críticas nos centros educativos”.
- Publicación de información de interese na revista *Infocop*, editada polo Consejo General de la Psicología e de difusión nacional.

h) Documentación:

Incorporouse á área de documentación o seguinte material:

- Bibliografía:
 - Rivero, R. (2015). *El sentido de la vida es una vida con sentido. La resiliencia*. Bilbao: Desclée De Brouwer.
- Para traballar o dó en menores:
 - Lauren, P. (2000). *El niño de las estrellas*. Huesca: Vesica Piscis. A partir de 6 anos.
 - Canals, M (2015). *A miña amiga invisible (A morte)*. Baia Edicións. De 6 a 12 anos.
 - Ness, P. (2016). *Un monstruo viene a verme*. Nube de Tinta.
 - Boyne, J. (2012). *El corazón del bosque*. Salamandra. De 12 a 14 anos.
 - Pitcher, A. (2016). *Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea*. Punto de Lectura.
 - Huebner, D. (2012). *Qué puedo hacer cuando me preocupo demasiado*. Tea Ediciones.
- Filmografía:
 - Stone, O. (2006). *World Trade Center*. Estados Unidos: Paramount Pictures.
 - Bayona, J.A. (2012). *Lo imposible*. España: Apaches Entertainment/ Telecinco Cinema.
 - Bayona, J.A. (2016). *Un monstruo viene a verme*. España: Apaches Entertainment / Telecinco Cinema / Participant Media / RiverRoad Entertainment / Películas La Trini.
- Sobre dó e dó patolóxico:
 - Crowe, R. (2014). *El maestro del agua*. Australia-USA-Turquía: Universal Pictures / Fear of God Films / Hopscotch Features.
 - Cánovas, D. (2016). *La punta del iceberg*. España: Tornasol Films / Hernández y Fernández P.C. / ICAA / Perenquen Films.
 - Documental TED sobre suicidios.
 - Documental da TVG *Náufragos*.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de febreiro
- 31 de marzo
- 28 de abril
- 26 de maio
- 29 de setembro
- 27 de outubro
- 17 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez

Coordinadora

M^a Jesús Sánchez Peteiro

Pilar Casal Devesa

Eduardo Anoeta Rodríguez

Rosa M^a Domínguez Cameán

Carlos Gestal Gestal

María Mariño Barca

Juan Bonome Rodal (desde decembro de 2008 ata o 25 de maio de 2016)

Alejandro Manuel Gómez Fernández (a partir do 29 de setembro de 2016)

REUNIÓN DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de marzo
- 19 de novembro



Membros da comisión de coordinación do Grupo de Tráfico e Seguridade

ACTIVIDADES

a) Formación do Grupo:

- Sesión formativa “Os accidentes de tráfico e as persoas maiores como condutoras. Casuística e responsabilidades”.

Data: 27 de febreiro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: Manuel Merelles Pérez. Procurador do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela.



Momento da sesión formativa “Os accidentes de tráfico e as persoas maiores como condutoras. Casuística e responsabilidades”

- Sesión formativa “Criterios técnicos na avaliación de condutores con discapacidade”.

Data: 19 de novembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: J. M^a Martikorena e Iratxe Andrés Alonso. Formador na Dirección Xeral de Tráfico e directora e xestora de Irrintzi Escuelas y Soluciones Adaptadas no País Vasco..

b) III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

■ Conferencia 5 “O futuro da psicoloxía en seguridade viaria”.

Data: 4 de xuño.

Lugar: Palacio de Congresos de Galicia.

Docente: Carmen Arroyo Lorenzo. Psicóloga asesora técnica á Unidade de Aptitudes Psicofísicas da Subdirección Xeral de Políticas Viarias da Dirección Xeral de Tráfico.

■ Simposio 8 “Psicoloxía do tráfico en Galicia”.

Data: 4 de xuño.

Lugar: Palacio de Congresos de Galicia.

Docentes: Rosa María Domínguez Cameán, Carlos Gestal Gestal, Juan Manuel Bonome Rodal, María Mariño Barco, María Jesús Sánchez Peteiro.

O Grupo de Tráfico e Seguridade presentou no marco do Congreso cinco comunicacións libres.



Simposio 8 “Psicoloxía do tráfico en Galicia”

c) Intervencións:

Xornadas de Concienciación

Realizáronse neste ano tres intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria:

- 1 Grupo en Ferrol, nos meses de marzo e abril.
- 2 Grupo en Santiago, nos meses de abril e maio.
- 3 Grupo en Ferrol nos meses de maio e xuño.

Actuaron como coordinadores e coordinadoras: Eduardo Anoeta, Paula Pereira, Begoña Blanco, Diego Antelo, María Mariño, Eva Muíño, Teresa Antelo e Diego Lorenzo.

SEVIME

Este programa lévase desenvolvendo desde hai cinco anos en colaboración coas Policía Local de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores.

En 2016 levouse a cabo unha intervención o día 9 de febreiro, na cal interviu Diego Lorenzo Torres, colexiado do COPG e membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

PSICOVIAL

A finais de setembro deu comezo a cuarta edición do programa Psicovial, en formato programa longo e grupo pequeno, durante 10 meses. Neste caso o grupo estivo composto por 12 asistentes, penados con poli e multirreincidencia.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión semanal de 2 horas de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais así como, sesións individuais de seguimento.

Coordinan esta intervención M^a Jesús Sánchez Peteiro, Eva Muíño Gómez e Diego Antelo Guerra.

d) Participación nas seguintes actividades:

- O 4 de febreiro celebrouse na sede do Colexio a primeira reunión a tres bandas: Dirección Xeral de Tráfico, Garda Civil e Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para achegar criterios e valoracións así como fortalecer as vías de comunicación coas institucións que teñen a responsabilidade directa de aplicación das políticas de seguridade viaria.
- Asistencia a tres reunións anuais (xuño, xullo e outubro) co representante do Grupo da Unidade de Investigación en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Universidade de Santiago de Compostela en relación ao convenio de colaboración co Grupo de Tráfico e á solicitude do proxecto de investigación da convocatoria anual da Dirección Xeral de Tráfico.
- Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 17 de febreiro ao III Plenario sobre Modos Brandos: Peóns e Bicicletas da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.

7.3. GRUPO DE TRABAJO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O Grupo de Trabajo constituíuse en 2014 para estudar e valorar a situación da atención temperá na nosa comunidade ao abeiro da nova lexislación que regula a actuación integral en Galicia; tanto no modelo de intervención como na situación das e dos profesionais da psicología que a desenvolven.

O Grupo está composto por un representante das seccións de Psicología e Saúde, de Psicología da Intervención Social e de Psicología Educativa, nomeado por cada unha destas.

REUNIÓN DO GRUPO

- 21 de xaneiro



Algúns dos membros do Grupo de Trabajo de Atención Temperá

COMPOSICIÓN DO GRUPO

Olegaria Mosqueda Bueno

Coordinadora

Manuela del Palacio García

Sección de Psicología Educativa

M^a Jesús López Cernadas

Sección de Psicología da Intervención Social

Javier Sardiña Agra

Sección de Psicología e Saúde

José Carlos Cardama Barrientos

M^a Luisa Pendás Sánchez

Expertos/as

8.


CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA

Fátima López Rodríguez



Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero



Durante a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG

ACTIVIDADES**a) Formación: impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo**

- Aprendendo da experiencia: reflexións sobre a intervención desde os programas.

Data: 19 de marzo.

Lugar: Facultade de Psicología da USC.

Terapeutas:

M^a Luz Losada Somoza. Psicóloga, presentou o protocolo conxunto GIPCE-PAPMVX e o traballo posterior desde o programa con familias afectadas.

M^a del Carmen González Pais. Psicóloga, presentou o relatorio “Un aspecto a ter en conta ao longo do proceso terapéutico. A detección do risco”.

Natalia Seijo Ameneiros. Psicóloga, presentou “Impacto da violencia nos/as menores. Aspectos a ter en conta na intervención”.

Ana Izquierdo Galante. Psicóloga, presentou “Menores que exercen violencia, aspectos a ter en conta na intervención”.

- Traballo con emocións en psicoterapia vinculada a contextos de violencia de xénero. Parte I.

Data: 17 e 18 de xuño.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relator: Pau Pérez Sales. Licenciado en Medicina. Doutor en Psiquiatría. Colaborador con diferentes entidades e asociacións tanto a nivel nacional como internacional.

- A intervención no campo da violencia de xénero. Como nos afecta e como a afectamos?

Data: 22 de outubro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relatora: Lydia Gómez Valverde. Licenciada en Psicoloxía e psicóloga social, psicoanalista e socióloga. Supervisora de distintos equipos de centros e servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero do Estado. Supervisora de diferentes equipos de centros de saúde mental, servizos sociais e servizos e recursos especializados de diferentes comunidades autónomas.

- Reunión formativa cos e coas novas terapeutas dos programas (Abramos o Círculo e PAPMVX).

Data: 30 de marzo e 6 de xullo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

b) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Participación como relatora na xornada de formación do GIPCE “Repensando as intervencións nas situacións de violencia de xénero” o 21 de febreiro.
- Participación na Xornada de Violencia de Xénero na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) o 5 de xuño.
- Elaboración do protocolo de actuación interno naqueles casos nos que se inclúe a menores dentro do programa.
- Participación da coordinadora do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 107 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 325 mulleres; 261 dos casos admitidos tiñan denuncia interposta e 58 non contaban coa denuncia. Un total de 241 mulleres tiñan orde de protección.

d) Reunións:

Co coordinador do Programa Abramos o Círculo, Rubén Villar Trenco, durante o ano 2016 mantivéronse as seguintes xuntanzas:

22 de xaneiro / 3 de marzo / 3 de xuño / 26 de agosto / 30 de setembro / 19 de decembro

e) Outras reunións:

- Coa Asociación Só lles falta faltar para valorar posibles vías de colaboración, celebrada na sede do Colexio o 22 de xaneiro.
- O 16 de novembro xunto coa presidenta da Comisión Intersectorial de Xénero, a asesora xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, a representante da Comisión de Ética e Deontoloxía, a coordinadora do Programa Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), Fátima López Rodríguez, o coordinador do Programa Abramos o Círculo, Rubén Villar Trenco, e a representante dos CIMs, Margarita de la Calle Bermejo, para tratar a necesidade de comunicación a proxenitores no caso de intervención psicolóxica con menores.
- O día 24 de novembro xunto co coordinador do Programa Abramos o Círculo, Rubén Villar Trenco, e con Beatriz Otero Abadín, directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia, na que se expuxeron os contidos dos programas de intervención.

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.



Programa “Abramos o círculo”

COORDINADOR

Rubén Villar Trenco

ACTIVIDADES**a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

- Aprendendo da experiencia: reflexións sobre a intervención desde os programas.

Data: 19 de marzo.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Terapeutas:

M^a Luz Losada Somoza. Psicóloga, presentou o protocolo conxunto GIPCE-PAPMVX e o traballo posterior desde o programa con familias afectadas.

M^a del Carmen González Pais. Psicóloga, presentou o relatorio “Un aspecto a ter en conta ao longo do proceso terapéutico. A detección do risco”.

Natalia Seijo Ameneiros. Psicóloga, presentou “Impacto da violencia nos/as menores. Aspectos a ter en conta na intervención”.

Ana Izquierdo Galante. Psicóloga, presentou “Menores que exercen violencia, aspectos a ter en conta na intervención”.

- Traballo con emocións en psicoterapia vinculada a contextos de violencia de xénero. Parte I.

Data: 17 e 18 de xuño.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relator: Pau Pérez Sales. Licenciado en Medicina. Doutor en Psiquiatría. Colaborador con diferentes entidades e asociacións tanto a nivel nacional como internacional.

- A intervención no campo da violencia de xénero. Como nos afecta e como a afectamos?

Data: 22 de outubro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relatora: Lydia Gómez Valverde. Licenciada en Psicoloxía e psicóloga social, psicoanalista e socióloga. Supervisora de distintos equipos de centros e servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero do Estado. Supervisora de diferentes equipos de centros de saúde mental, servizos sociais e servizos e recursos especializados de diferentes comunidades autónomas.

- Reunión formativa cos e coas novas terapeutas dos programas (Abramos o Círculo e PAPMVX).

Data: 30 de marzo e 6 de xullo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

b) Actividades desenvoltas polo coordinador:

- Participación no III Congreso Profesional de Psicoloxía de Galicia, no simposio “Intervención en Violencia de Xénero” o 3 de xuño.
- Intervención como relator no encontro “Pola igualdade”, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 16 de novembro.
- Participación do coordinador do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 73 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 90 homes, admitíronse 55 casos e iniciaron a intervención 52.

d) Reunións:

- Xuntanzas coa coordinadora do Programa PAPMVX para a colaboración e coordinación entre ambos os dous programas.

- Na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela con Gloria Seoane Pesqueira, Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía, para aclarar dúbidas e solicitar colaboración nas diferentes fases do estudo que se está a deseñar desde os programas, celebrada o día 3 de marzo e o 9 de decembro.
- O 19 de maio, para a posta en marcha dun portelo de comunicación no programa, para deste xeito evitar posibles problemas de protección de datos á hora de traballar, así como facilitar e axilizar a comunicación.
- Xuntanza na sede do COPG, para traballar na posta en marcha do portelo de comunicación no programa, celebrada o 26 de agosto.
- O 16 de novembro xunto coa presidenta da Comisión Intersectorial de Xénero, a asesora xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, a representante da Comisión de Ética e Deontoloxía, a coordinadora do Programa Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), Fátima López Rodríguez, o coordinador do Programa Abramós o Círculo, Rubén Villar Trenco, e a representante dos CIMs, Margarita de la Calle Bermejo, para tratar a necesidade de comunicación a proxenitores no caso de intervención psicolóxica con menores.
- O 16 de novembro no centro sociocultural do Ensanche, en Santiago de Compostela, celebrouse a entrega dos I Premios Pola Igualdade, concurso de carteis organizado pola Comisión Intersectorial de Xénero.
- O xoves día 24 de novembro xunto coa coordinadora do programa PAPMVX e con dona Beatriz Otero Abadín, directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia, na que se expuxeron os contidos dos programas de intervención.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil. Vénse renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) –ver epígrafe 7.1 desta Memoria– que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 41 psicólogos e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 18 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2016 renováronse os convenios de colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago, o Colexio de Avogados de Ourense e o Colexio de Avogados da Coruña para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela, Ourense e A Coruña.

Así mesmo, a finais do ano 2016 asinouse por primeira vez o Convenio de Colaboración de Mediación Intraxudicial de Ferrol.

A través dos convenios asinados preténdese desenvolver programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol, mediante a constitución de equipos de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia. Trátase de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos e das menores do núcleo familiar.

Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela

Titulares do servizo:

Katia Rolán González, mes de xaneiro.

Nuria Revuelto Crespo, desde febreiro a maio de 2016.

Isabel Rodríguez Prego, desde xuño a setembro de 2016.

Alicia Peralejo Abeleira, desde outubro a decembro de 2016.

Suplentes do servizo:

Nuria Revuelto Crespo, mes de xaneiro.

Isabel Rodríguez Prego, desde febreiro a maio de 2016.

Alicia Peralejo Abeleira, desde xuño a setembro de 2016.

Esther Arias Martínez, desde outubro a decembro de 2016.

Ao equipo de Santiago de Compostela fóronlle derivados 50 casos, dos que 36 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 21 (un 58,33%), dos cales 5 seguen en trámite para o ano 2017. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 8 (38,1%) fronte a 13 sen acordo (61,9%). O servizo funciona dúas mañás á semana.

Equipo de Mediación Intraxudicial de Ourense

Titulares do servizo:

José Ramón García Gómez, mes de xaneiro.

Marcela Santorun Ardoné, desde febreiro a maio de 2016.

José Antonio Varela Alonso, desde xuño a setembro de 2016.

José Ramón García Gómez, desde outubro a decembro de 2016.

Suplentes do servizo:

Marcela Santorun Ardoné, mes de xaneiro.

José Antonio Varela Alonso, desde febreiro a maio de 2016.

José Ramón García Gómez, desde xuño a setembro de 2016.

Katia Rolán González, desde outubro a decembro de 2016.

Ao equipo de Ourense fóronlle derivados 77 casos, dos cales 41 (53,25%) asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 21 (51,21%) dos cales 3 seguen en trámite para o ano 2017.

Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo un total de 13 (72,22%) fronte a 5 que non chegaron a acordo (27,78%). O servizo funciona dúas mañás á semana.

Equipo de Mediación Intraxudicial da Coruña

Titulares do servizo:

Isabel Rodríguez Prego, mes de xaneiro.

Purificación Leal Docampo, desde febreiro a maio de 2016.

Eva Muíño Gómez, desde xuño a setembro de 2016.

Elsa Rodríguez Viña, desde outubro a decembro de 2016.

Suplentes do servizo:

Purificación Leal Docampo, mes de xaneiro.

Eva Muíño Gómez, desde febreiro a maio de 2016.

Elsa Rodríguez Viña, desde xuño a setembro de 2016.

Nuria González Lois, desde outubro a decembro de 2016.

Ao equipo da Coruña fóronlle derivados 108 casos, dos que 85 (78,70%) asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Destes aceptaron realizar mediación 35 (un 41,18%), dos cales 1 segue en trámite para o ano 2017.

Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 12 (86,67%) fronte a 3 sen acordo (13,33%).

Equipo de Mediación Intraxudicial de Ferrol

Titular do servizo:

Marcela Santorun Ardoné, mes de decembro.

Suplente do servizo:

Juan Manuel Romero Lorenzo, mes de decembro.

O funcionamento deste servizo púxose en marcha no mes de decembro de 2016 non producíndose ningunha derivación durante o último mes do ano.

8.5. XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as Xornadas de Concienciación de seguridade viaria. Estas xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos traballos en beneficio á comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta cunha rede de 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos cinco anos, intervindo cun total de 1.000 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

8.6. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2013 o COPG elaborou a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos de ata 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG segue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de institucións penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

8.7. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

8.8. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, mantén desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.10. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas as institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue mantendo o convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

8.12. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.13. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

8.14. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)



A decana asinando o convenio

No ano 2016 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) en cuestións de igualdade e loita contra a violencia de xénero, especialmente no relativo á difusión dos programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero.

A primeira acción dese convenio foi a elaboración do cartel “Concellos #PoloBoTrato”, que contén un decálogo cunha serie de recomendacións para promover o bo trato no plano local, e que se distribuíu nos 313 municipios e nas 4 deputacións da nosa comunidade autónoma.

8.15. CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No mes de outubro de 2016 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para establecer un protocolo de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas polos mesmo.

Titular do servizo outubro-décembro: Xabier Macías Virgós.



Momento da sinatura do convenio

Resumo da actividade

Nos tempos de aplicación deste convenio, atendéronse un total de 6 comunidades veciñais, mantivéronse un total de 20 entrevistas coa veciñanza e presidencias de comunidade e realizouse por parte do psicólogo do servizo as visitas a comunidades ou domicilios.

Así mesmo, interveuse nun proceso de desafuzamento, realizándose entrevista e apoio psicosocial, visita domiciliaria, entrevista a familiares e diferentes xestións e coordinación co Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela.

Durante o desenvolvemento do mesmo, levouse a cabo unha coordinación técnica con servizos sociais comunitarios dos Centros de Servizo Sociais de CABES, Fontiñas, Ensanche e Galeras, un equipo formado por un total de 2 educadoras sociais e 5 traballadoras sociais.

Actividades

a) Formación:

En base ao convenio de colaboración realizouse ao longo dos meses de novembro e decembro, concretamente os días 19, 25 e 26 de novembro e 16 e 17 de decembro, o Curso de Psicología da Intervención Social Comunitaria I que contou cunha duración de 43 horas, 32 presenciais e 11 horas de traballo práctico individual.

Os relatores do curso foron:

- Santiago Porta Dovalo, psicólogo experto en políticas sociais.
- Rocío Carballeira Martínez, psicóloga responsable do Programa de Atención Comunitaria do Concello de Ortigueira.
- Yolanda Muñoz Hernán, psicóloga responsable da Fundación Glzagune (Euskadi), experta no Plan de Convivencia no ámbito municipal; con ampla experiencia na transformación dos conflitos e en diversas metodoloxías de xeracións de consensos e procesos de toma de decisións dialogadas.
- Concepción Pernas, psicóloga responsable da coordinación e execución do Programa de Atención a Inmigrantes no Concello de Burela.
- Emilio Lesta Casal, psicólogo con ampla experiencia nos servizos sociais comunitarios, como técnico superior de Servizos Sociais do Concello da Coruña e como coordinador do Plan Comunitario Distrito Quinto (Labañou); actualmente é xefe de Departamento de Emprego no Concello da Coruña.

Este curso estivo destinado aos colexiados e colexiadas do COPG así como os técnicos dos servizos sociais dos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.

b) Edición de materiais:

- Preparouse unha dobre edición do protocolo de actuación para a prevención de desafuzamentos e atención das persoas afectadas nos concellos da mancomunidade da comarca de Compostela. Unha delas co texto completo, para a distribución entre o persoal técnico de servizos sociais de todos os concellos de Galicia; e outra adaptada cun texto máis breve e de carácter divulgativo para a difusión á cidadanía en centros de servizos sociais da mancomunidade.
- Reedición e ampliación do documento “Protocolos de actuación do psicólogo ou psicóloga nos servizos sociais comunitarios”. En base a este convenio, procedeuse á actualización e ampliación dos protocolos de actuación realizados anteriormente pola Sección de Psicología da Intervención Social incluíndo o tipo de intervención en comunidades e procesos de exclusión derivada deste convenio.

9. SERVICIO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2016, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

SERVIZO DE MEDIACIÓN EN
ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 27 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

11.

BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA

X EDICIÓN DA BECA SIOTA

Por acordo da Xunta de Goberno do 22 de decembro convócase a X Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.



Membros do Comité Seleccionador

**Composición do Comité
Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*

Luís Carlos Álvarez García

Rosa Cerqueiro Landín

Ana Jartín Abreira

José Manuel Oreiro Blanco

Gloria Seoane Pesqueira

Vogais

12. EVENTOS COLEXIAIS



Recepción no Concello por parte do alcalde de Ribadeo

12.1. ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2016

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou o 14 de outubro a oitava edición do acto anual Achegas da Psicoloxía. No encontro, que este ano se desenvolveu en Ribadeo, o COPG fixo entrega do seu máximo recoñecemento, o Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade 2016, á **Rede Galega de Loita contra a Pobreza**, co que se pretende significar o traballo do terceiro sector neste momento histórico de acusada emerxencia social.

Ao longo da xornada desenvolvéronse distintas actividades gratuítas entre as que destacaron o “Encontro interterritorial galegoasturiano: retos da psico-



Durante o Encontro Interterritorial galegoasturiano



Momento do coloquio



Persoas que levan 25 anos de vida colexial

loxía no actual contexto socioeconómico”, no que participou o decano do Colexio Oficial de Psicólogos do Principado de Asturias, Ramón Vilalta, así como o relatorio “Reescribir o futuro. Historias de exclusión e resiliencia”, por parte do psicólogo clínico Francisco Javier Aznar Alarcón.

Ademais do premio á Rede Galega de Loita contra a Pobreza tamén se efectuou un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial de forma ininterrompida, así como unha conferencia co título.

12.2. III CONGRESO PROFESIONAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou os días 2, 3 e 4 de xuño o **III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia**. O acto desenvolveuse en Santiago de Compostela, no Palacio de Congresos e Exposicións, un punto de encontro entre profesionais de distintos eidos, distintas xeracións e distintas traxectorias que puxeron ao dispor da profesión o mellor de si.

Nestes días realizouse un retrato da situación da psicoloxía en Galicia: o camiño que nos trouxo ata aquí, os novos retos e oportunidades que temos por diante, os roteiros que se nos abren.

Consideramos este encontro profesional como o máis relevante destes últimos 25 anos. Co obxectivo de abarcar as diversas áreas e saberes da psicoloxía, colaboraron as diferentes seccións e grupos de traballo do Colexio que se integraron no Comité Organizador. Non escatimaron esforzos a secretaría técnica nin o voluntariado (estudantes de Psicoloxía de Universidade de Santiago). Un escollido grupo de persoas expertas configurou o Comité Científico, que asumiu con rigor o encargo de avaliar un importante volume de traballos enviados polos congresistas en formato de comunicación oral ou escrita (póster).

Coa imaxe do Congreso de fondo (esa especie de tándem), xunto co seu lema, “**Camiños da Psicoloxía**”, pretendíase reflectir tanto a complexidade crecente do coñecemento como a necesaria colaboración entre os profesionais para xeralo. Nunha progresiva especialización no quefacer profesional, o Congreso supuxo buscar respostas dentro dun ámbito de saber único e múltiple ao mesmo tempo. A case de 500 profesionais pareceulles interesante esta proposta, na que participaron un total de 94 relatores e relatorias.

O COPG ha de entenderse cada vez máis non só como unha simple agrupación de



Algunhas das persoas asistentes ao III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia

profesionais, senón como una asociación científico-profesional, e, neste contexto, entendemos por profesional a aquel que ten preferencia polo ámbito aplicado, mostra compromiso social, ten unha axeitada fundamentación nas técnicas e procedementos que utiliza e conduce con honestidade para si e para con outros (colegas, persoas usuarias, clientes ou pacientes).

12.3 CONVERSATORIO “ACCIÓNS CONTRA O ACOSO ESCOLAR”

Desde o Colexio deseñamos un ciclo de faladoiros abertos á sociedade en xeral no que se abordarán temas de especial incidencia tomando como punto de saída o da nosa profesión, para expoñer as respostas que desde os diferentes ámbitos da psicoloxía poden dárselles a problemas de completa actualidade.

Temas que preocupan tanto á sociedade e que son de crucial transcendencia na vida da persoa, coma o acoso escolar, as novas tecnoloxías, a depresión, a violencia machista, o envellecemento, o *mobbing*... Son retos que temos que afrontar e para os que a psicoloxía é un recurso imprescindible.

O 28 de abril celebrouse o primeiro na Sede Afundación de Santiago de Compostela, cunha grande afluencia de público, co título “Accións contra o acoso escolar”.

No acto, que estivo moderado pola decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, interviñeron o inspector de educación no ensino non universitario, José Fernando Carrasco Mera, a psicóloga e orientadora do IES Santa Irene de Vigo, Olegaria Mosqueda Bueno, e a presidenta da Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (CONFAPA) de Galicia, Helena Gómez Vecino.



Persoas que asisten ao conversatorio

13.

REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS**Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Xavier Sardiña Agra

Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Isabel M^a Varela Castiñeiras

Suplente: M^a Leonor Galiana Caballero

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego

Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López

Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso

Suplente: M^a Jesús Cejudo López

Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do**Concello de Santiago de Compostela**

Titular: M^a José Fares Varela

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Rocío García Calvo

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

14. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A secretaria, Rocío García Calvo, acudiu o 19 de xaneiro á xuntanza do Consello Municipal de Saúde, que activou novamente o Concello de Santiago de Compostela tras dez anos sen actividade. Este organismo pretende reunirse trimestralmente co obxectivo, entre outros, de elaborar un plan municipal de saúde.
- Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 20 de xaneiro ao I Plenario sobre Circulación e Estacionamento da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela. Tamén participou o 4 de febreiro na reunión que a Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade mantivo con responsables da Garda Civil de Tráfico e da Dirección Xeral de Tráfico.
- M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 22 de xaneiro á xuntanza da mesa de traballo para o estudo das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela organizada pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.
- Os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e Abrams o Círculo, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó, mantiveron unha xuntanza o 22 de xaneiro con membros do club de cans de familia Só lles falta falar onde lles presentaron a asociación e parte do traballo terapéutico que ofrece a posibilidade de traballar con cans.
- Asistíuse á presentación da delegación en Galicia da Asociación Nacional de Informadores da Saúde (ANIS) que tivo lugar no Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela o 29 de xaneiro.
- M^a Jesús Sánchez Peteiro, membro da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 2 de febreiro ao II Plenario sobre Transporte Público da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.
- Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte, organizou un almorzo informativo o 8 de febreiro co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, no que participou o noso Colexio e no que se trataron, entre outras, cuestións relativas á lei de colexios profesionais e ao intrusismo.
- Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno, asistiu ás reunións o 20 de febreiro e o 9 de abril convocada polo Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, onde se tratou o Decreto 183/2013 do 5 de decembro polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá. A estas reunións asistiron representantes do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, da Asociación de Terapeutas Ocupacionais e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Tamén participou o 11 de marzo en Santiago de Compostela na xornada “Obxectivo: acoso cero” organizada polo Departamento de Innovación Pedagóxica de Escolas Católicas Galicia.

- O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional de PTO, Carlos Montes Piñeiro, asistiu o 7 de marzo á Comisión de Seguimento do acordo marco de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o COPG, para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo.
- María Celeste Porto Gómez, secretaria da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, asistiu aos actos de celebración do Día Mundial do Traballo Social, que tiveron lugar o 11 de marzo en Santiago de Compostela, organizados polo Colexio Oficial de Traballo Social.
- A secretaria do COPG, Rocío García Calvo, asistiu o 6 de abril á estrea da obra de teatro organizada por LAR Pro-Salud Mental, asociación e fundación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a rehabilitación psicosocial e laboral de persoas con enfermidades mentais severas.
- O vogal da Xunta de Goberno José Manuel Oreiro Blanco asistiu o 21 de abril a unha mesa de debate organizada por alumnado de xornalismo da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.
- Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno, asistiu o 22 de abril en Santiago de Compostela ao acto de presentación do Compromiso ético e de boas prácticas da Asociación de Hospitales de Galicia (AHOSGAL).
- Ma^a Concepción Rodríguez Pérez, membro da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, participou o 23 de abril en Ribadeo nas “Xornadas de abordaxe integral da violencia de xénero desde o ámbito local”, organizadas polo Concello de Ribadeo. Asistiu tamén ao encontro co poeta Antonio Rubio celebrado o 3 de maio na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela.
- Guadalupe Oroña Quintáns, membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, asistiu o 18 de maio á reunión do Grupo de Traballo en Demencias da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL).
- A colexiada Raquel Espantoso San José participou na Mesa Sistema Sanitario dentro do I Congreso Internacional sobre as Necesidades e Dereitos da Infancia: “Como crecer valentes, confiados e confiábles” da Asociación Periodística, Estudos y Comunicación (P Estudio), celebrado na Coruña os días 19 e 20 de maio.
- Israel Villar Enjo, membro da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), e Eva Muíño Gómez, vogal de Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, participaron os días 15 e 16 de xuño no Foro da Innovación para o Emprego (FIE) celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellería de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.
- Rocío García Calvo asistiu o 16 de xuño á reunión do Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o COPG forma parte.

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto de inauguración do IV Congreso Internacional de Ciencias da Educación e do Desenvolvemento, organizado pola Universidad de Granada, que tivo lugar o día 23 de xuño en Santiago de Compostela.
- Juan Manuel Bonome Rodal, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, asistiu ao acto de entrega do Premio FEGADACE-Miguel Blanco que tivo lugar durante o V Foro de Familias de Persoas con Dano Cerebral Adquirido o pasado 2 de xullo na Coruña.
- M^a Rosa Álvarez Prada asistiu o 15 de xullo en Santiago de Compostela á recepción cidadá con motivo do inicio e pregón das Festas do Apóstolo 2016.
- A decana do COPG participou no acto de clausura do Mestrado en Mediación, organizado pola Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, que tivo lugar o 22 de xullo en Santiago de Compostela.
- Guadalupe Oroña Quintáns, membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 1 de setembro á reunión do Grupo de Traballo en Demencias da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL). Asistiu tamén á I Xornada sobre a Situación das Persoas sen Fogar en Compostela que tivo lugar o 27 de outubro en Santiago de Compostela, organizada pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.
- M^a Rosa Álvarez Prada participou os días 8, 9 e 10 de setembro en Vilagarcía de Arousa no I Congreso Internacional de Mediación, Arbitraje e Compliance: “Alternativas de solución de conflitos no século XXI”, organizado pola Asociación Gallega de Mediadores (AGaMe).
- M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, participou o 9 de setembro en Catoira co relatorio “A psicoloxía coas persoas refuxiadas”, na conferencia “Deporte e actividades culturais como medio para a integración de inmigrantes e refuxiados” organizada polo Concello de Catoira (Pontevedra).
- Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu círculo familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX), participou o 21 de setembro vía videoconferencia no curso “Intervención psicolóxica especializada en servizos de urxencia en violencia de xénero” celebrado en Castellón, organizado polo Col legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana.
- O vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao encontro en materia de mediación organizado por Unión Profesional de Galicia, celebrado o 22 de setembro en Vigo.
- O día 30 de setembro M^a Rosa Álvarez Prada, decana, asistiu ao 3º Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses, celebrado na cidade do Porto (Portugal), no que participaron 1.800 psicólogos e psicólogas. Estivo centrado na unidade na diversidade da psicoloxía, coa intervención psicolóxica nas súas múltiples áreas como obxecto da súa maior atención.

- A decana do Colexio asistiu o 4 de outubro en Santiago de Compostela ás xornadas “Conciliación e corresponsabilidade. Boas prácticas”, organizadas pola Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes, do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno do COPG, participou o 17 de outubro en Santiago de Compostela na xornada formativa sobre a atención e apoio ao alumnado con enfermidade crónica, organizada polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- M^a Rosa Álvarez asistiu o 17 de outubro en Santiago de Compostela ao acto institucional con motivo do Día Internacional da Erradicación da Pobreza, organizado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) xunto ao CERMI Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD e coa acollida da Valedora do Pobo de Galicia. No mesmo marco foron presentados os últimos datos referidos a Galicia incluídos no informe “Estado da pobreza 2016” de EAPN España.
- M^a Concepción Rodríguez Pérez, membro da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, participou o 27 de outubro en Santiago de Compostela na Mesa de Violencia de Xénero, organizada polo Centro de Información á Muller (CIM) da Concellería de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela. Así mesmo, participou nunha charla organizada por Compostela Aberta o 10 de novembro e na Mesa de Benestar, Saúde e Calidade de Vida o 14 de novembro organizada polo Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Santiago de Compostela para o deseño do IV Plan de Igualdade. Tamén asistiu en Santiago de Compostela ao simposio “Repensando Galiza: as Irmandades da Fala (1916-1931)”, os días 17 e 19 de novembro, organizado polo Museo do Pobo Galego, o Grupo de investigación Lingüística e Literaria Galega e pola *Revista Galega de Historia Murguía*.
- A decana do COPG mantivo unha reunión coa presidenta da Asociación Galega contra o Acoso Moral (AGACAM), M^a Manuela Zas Castro, o 15 de novembro, para tratar de posibles canles de colaboración entre o COPG e AGACAM.
- M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, mantivo unha reunión co director do Centro de Protección de Menores C. F. Dignidade Santiago de Compostela, Ángel Liste Astray, o 15 de novembro, para tratar sobre diferentes aspectos das liñas de traballo en intervención social, menores en risco de exclusión social, infancia e adolescencia, así como o labor profesional do/a psicólogo/a en centros de acollemento residencial de menores en risco de exclusión social.
- A vogal da Xunta de Goberno, M^a Concepción Rodríguez Pérez asistiu xunto coa decana, M^a Rosa Álvarez Prada, á Gala de Nadal a favor da Fundación Andrea de “Apoyo a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas y terminales”, o 19 de novembro.
- A terapeuta do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu círculo familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX), Paula Baldomir Gago,

participou na Mesa sobre Violencia de Xénero organizada polo Concello de San Sadurniño o 26 de novembro.

- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, e o membro do devandito grupo, Diego Antelo Guerra, asistiron á xornada “Dereitos asistenciais dos lesionados de tráfico”, que tivo lugar o 2 de decembro en Santiago de Compostela organizada pola Asociación de Hospitales de Galicia (Ahosgal) en colaboración con Alianza de la Sanidad Privada Española (ASPE).
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de entrega dos Premios Manuel Beiras, organizado polo Concello de Santiago de Compostela e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, que tivo lugar o 14 de decembro en Santiago de Compostela.

15.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS
INSTITUCIONAIS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA
DE GALICIA**

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno, mantiveron unha reunión o 31 de marzo co vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, na que se abordaron os convenios que o COPG mantén coa súa Administración (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, Mediación, Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e para as e os menores e outras persoas do seu círculo familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e Abramos o Círculo), as Xornadas de Concienciación, Psicovial, así como a situación do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a dotación de profesionais da psicoloxía nas oficinas de atención a vítimas.
- O 18 de maio a decana mantivo unha xuntanza coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez, para falar da mediación familiar e do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia 2016 “Camiños da Psicoloxía” organizado polo COPG.
- O 7 de outubro, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, tivo unha xuntanza coa secretaria xeral, Beatriz Cuiña Barja, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, co fin de tratar

da situación económica do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu círculo familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa Abramos o Círculo.

- A decana mantivo unha xuntanza co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, o 11 de novembro, co fin de tratar da situación económica do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e complementariamente para as súas



A decana xunto co Vicepresidente da Xunta de Galicia

fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa Abramos o Círculo. Na mesma xuntanza tamén se tratou sobre o convenio do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, así como dos convenios para a mediación familiar intraxudicial que se manteñen en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol.

- M^a Teresa Hermida Pérez, vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, asistiu o 14 de xullo á xuntanza con motivo da publicación no DOG do día 1 de xullo, da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, organizada pola Secretaría Xeral da Igualdade de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE – DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada do presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Francisco Javier Sardiña Agra, reuníronse o 4 de maio co conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez Almuíña. Nesta xuntanza abordáronse temas relacionados coa sanidade e a psicoloxía, as prazas de psicoloxía clínica na última Oferta Pública de Emprego (OPE), as prazas PIR, a acreditación sanitaria e proxectos para incorporar a psicoloxía na atención primaria.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Hipólito Puente Carracedo, vicedecano, e Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno, mantiveron unha reunión o 29 de marzo co director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Manuel Corredoira López, para tratar sobre o Plan de Convivencia Escolar, a inclusión da figura do psicólogo educativo no ensino, o “Protocolo de actuación en centros educativos. Guía breve para o asesoramento e intervención” do GIPCE e o Mestrado de Psicoloxía Educativa, entre outros temas.
- M^a Rosa Álvarez Prada, decana, mantivo unha xuntanza co director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Manuel Corredoira López, o 16 de novembro, onde lle trasladou a preocupación polas dificultades que están a xurdir coa xestión das becas para o alumnado con necesidades específicas que convoca o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao ter coñecemento de que este ano se estaban a denegar solicitudes por estar asinadas por psicólogos e psicólogas, cando o Ministerio de Educación dera orde de admitir as solicitudes do noso colectivo profesional.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

- A decana, M^a Rosa Álvarez, mantivo unha reunión o 3 de marzo, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, Fernando Suanzes Pérez; co xuíz de familia de Santiago de Compostela, Roberto José Soto Sola; co decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira Pol; a decana do Colexio de Avogados de Ourense, Pilar López-Guerrero; o decano do Colexio de Avogados da Coruña, Augusto Pérez-Cepeda; o subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán; e a subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, M^a Emmanuela Díaz Castro-Rial. Esta xuntanza tratou sobre a elección e a designación dos mediadores dos equipos de mediación intraxudicial conveniados entre as partes para 2016.

SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

- M^a Leonor Galiana Caballero, vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, participou nas sesións extraordinarias do pleno do Consello Galego de Benestar Social os días 25 de abril e 1 de xullo en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA

- M^a Concepción Prado Álvarez, vicesecretaria e vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), e José Manuel Campal Fernández, vogal da Xunta Directiva da Sección de PTO, mantiveron unha reunión o 3 de xuño co director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, José Alfonso Marnotes González, para tratar temas relacionados co ámbito da orientación laboral.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu, xunto co tesoureiro do COPG Miguel A. Chouza Ponte, a senllas reunións o 23 de setembro e o 23 de novembro coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre os convenios de mediación.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLERÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE E DIVERSIDADES

- M^a Rosa Álvarez Prada, decana, asistiu o 11 de febreiro a unha xuntanza no Concello de Santiago de Compostela con fin de constituír a mesa de traballo para a elaboración dun protocolo para a prevención de desafiuzamentos e a atención ás persoas afectadas, así como a unha reunión o 26 de abril para tratar sobre o posible convenio para levar a cabo en materia de desafiuzamentos. Mantivo unha reunión coa mesma concelleira, Concepción Fernández Fernández, o día 13 de maio para tratar sobre o III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia 2016 “Camiños da Psicoloxía”, organizado polo COPG.
- O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 1 de marzo e o 18 de abril á mesa de traballo para a elaboración dun protocolo para a prevención de desafiuzamentos e a atención ás persoas afectadas, da Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.
- M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu á xuntanza da presentación e valoración do borrador da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá, que se celebrou o 4 de maio organizada pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela. Asistiu tamén na mesma Concellería ás xuntanzas da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, celebradas o 18 de marzo, o 13 de maio, o 15 de xullo e o 2 de setembro.
- O membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Guadalupe Oroña Quintáns, asistiu ás reunións da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, organizadas pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, celebradas o 4 de novembro e o 2 de decembro.

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 7 de xuño ao acto de presentación “Compostela, territorio das mulleres”, proxecto impulsado pola Concellería de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

- Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 17 de febreiro ao III Plenario sobre Modos Brandos: Peóns e Bicicletas da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.

CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE

- A secretaria, Rocío García Calvo, acudiu o 24 de maio á segunda xuntanza do Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela.
- A representante suplente do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rosa Cerqueiro Landín, acudiu á xuntanza do devandito Consello o 29 de novembro.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONSELLO SOCIAL

- M^a Rosa Álvarez Prada acudiu ás reunións do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que o COPG forma parte, os días 26 de maio, 7 de xullo e 10 de outubro.

FACULTADE DE PSICOLOXÍA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 26 de febreiro aos actos de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén asistiu ao acto de conmemoración do XX aniversario da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela que se celebrou o 1 de abril en Santiago de Compostela.

UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA

O COPG forma parte de Unión Profesional de Galicia, que agrupa 44 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais.

- A secretaria do COPG, Rocío García Calvo, asistiu o 11 de marzo á reunión da Comisión de Intrusismo Profesional, creada no seo de Unión Profesional de Galicia (UPdG) e da cal o COPG forma parte.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu o 29 de xullo ás reunións da Asemblea e do Pleno de Unión Profesional de Galicia celebradas en Santiago de Compostela.



Badaladas pola prevención do suicidio

MOVEMENTO GALEGO DE SAÚDE MENTAL

O COPG é unha das organizacións que forman parte do Movemento Galego da Saúde Mental, onde exercen a representación as colexiadas Rosa Cerqueiro Landín e Delia Guitián Rodríguez.

- No marco do Congreso apoiouse a Campaña por un Plan Galego da Prevención do Suicidio, que vén demandando o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM). Desde o 3 de maio, o MGSM realiza o acto simbólico

Badaladas pola Prevención do Suicidio, na reivindicación dun plan galego de prevención. O venres 3 de xuño na Praza de Praterías en Santiago de Compostela, participou na Badalada M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.

ADHESIÓNS DO COPG

- O Colexio Oficial de Psicoloxía adheriuse o 13 de xaneiro á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DUSI) de Santiago de Compostela.

RECURSOS E ALEGACIÓNS INTERPOSTOS POLO COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo as seguintes alegacións e recursos:

- Recurso de reposición contra as bases para a selección dun/dunha pedagogo/a ou psicopedagogo/a, dun/dunha fisioterapeuta e dun/dunha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial para o servizo “Aula de estimulación de nenos/as” para o curso 2015/2016 do Concello de Cangas, publicado o venres 9 de outubro de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- Alegacións ao Borrador da Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2016-2020 (EGIA).
- Alegacións contra as bases para a selección dun/dunha psicólogo/a para o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Ares (A Coruña).
- Observacións ao Proxecto de Orde da Consellería de Política Social pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Propostas de boas prácticas na política social da Xunta de Galicia na procura da igualdade, para o borrador da “Guía para a integración da perspectiva de xénero na política social da Xunta de Galicia”.

16.

O COPG E O CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

REUNIÓN DA JUNTA GENERAL DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Datat: 21 de maio, 18 de xuño e 17 de decembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*.

REUNIÓN DA JUNTA DE GOBIERNO DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Datat: 13 de febreiro, 23 de abril, 18 de xuño, 23 e 24 de setembro, 17 de decembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*.
M^a Rosa Álvarez Prada asistiu ademais á reunión de secretarios de Colexios Oficiais de Psicólogos do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 18 de novembro en Madrid.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS E OS RECURSOS HUMANOS (PTORH)

- Datat: 5 e 6 de febreiro, 15 e 16 de abril, 2 de xuño, 28 e 29 de outubro.
Representante: José Luís Domínguez Rey, *presidente da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións*.
- O coordinador da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luís Domínguez Rey, asistiu ao IV Encontro Anual Interterritorial de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología que tivo lugar en Madrid o 4 de xuño.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL (PISOC)

- A vicepresidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, asistiu ao Encontro Anual Interterritorial da División de Psicología da Intervención Social (PISoc) que se celebrou en Madrid o 3 de decembro.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

- Datat: 19 e 20 de marzo.
Representante: Francisco Javier Sardiña Agra, *presidente da Sección de Psicología Clínica*.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

- Manuela del Palacio García e Purificación Alberte Iglesias, presidenta e vogal respectivamente da Sección de Psicología Educativa do COPG, asistiron ás I Xornadas Estatais de Psicología Educativa: “Respostas da psicología educativa aos retos educativos na sociedade actual”, que se celebraron os días 28 e 29 de outubro en Madrid, organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid. Tamén asistiu a estas xornadas Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG e vogal da División de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología e a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada. Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG tamén asistiu ao II Encontro Anual Interterritorial de Psicología Educativa dos Colexios Oficiais de Psicología, que se celebrou o día 29 de outubro en Madrid.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E SEGURIDADE

- Data: 16 de abril, 12 de novembro.
Representante: Eva Muíño Gómez, *coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade*.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES

- Datas: 25 de xuño, 5 de novembro.
Representante: Ana Isabel Martínez Arranz, *coordinadora do GIPCE*.
A coordinadora do GIPCE do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á Xornada Nacional de formación dirixida a todos/as os/as coordinadores/as das Áreas de Emerxencias dos COPs e integrantes dos Grupos de Intervención Psicolóxica en Emerxencias dos Colexios Oficiais de Psicología, que se desenvolveu en Madrid o 21 de outubro.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA E IGUALDADE DE XÉNERO

- Reunións do Grupo Interno do Grupo de Traballo
Datas: 29 de xaneiro, 1 e 2 de xullo.
Coordinadora: M^a Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*.
Reunións do Pleno do Grupo do Traballo
Datas: 25 e 27 de novembro.
Representantes: M^a Concepción Rodríguez Pérez, *coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG* e M^a Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*.
A decana do COPG e coordinadora do Grupo de Traballo, M^a Rosa Álvarez Prada, e a coordinadora da Comisión de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiron ás VIII Xornadas Nacionais de Psicología contra a Violencia de Xénero: “Psicología, cultura e sociedade”, celebradas en Donostia os días 25 e 26 de novembro.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DO ENVELLECIMENTO

- Data: 8 de outubro.
Representante: Olivia Losada Díez, *vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*.
M^a Elena Seoane de la Fuente, vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu ás III Xornadas Nacionais de Psicoloxía do Envellecemento”, organizadas polo Consejo General de la Psicología, e celebradas os días 6 e 7 de outubro en Madrid.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E CONTRA O INTRUSISMO

- Data: 7 de maio.
Representante: M^a Concepción Prado Álvarez, *coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo*.

REVISTA INFOCOP

- O vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Luis Domínguez Rey, é o correspondente en Galicia.

17. PUBLICACIÓNS



CIRCULAR INFORMATIVA

Publicáronse 6 números (do n° 257 ao n° 262). A circular informativa n° 260 editouse como un monográfico de contidos do III Congreso Profesional de Psicoloxía de Galicia “Os Camiños da Psicoloxía”.

A Circular Informativa do COPG, de edición bimensual, inclúe regularmente os seguintes apartados:

- Editorial
- Información xeral
- Información das Seccións, das Comisións e Grupos de Traballo
- Información sobre cursos, xornadas e congresos
- Últimas colexiadas e colexiados de Galicia
- Avisos



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2015

Aprobada na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG de 29 de marzo de 2016.



Algunhas das persoas membros do Consello de Redacción

CADERNOS DE PSICOLOXÍA

Consello de Redacción

José Manuel Oreiro Blanco

Director

Carlos Montes Piñeiro

Subdirector

Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Felisa Balboa Cardoso

Rocío García Calvo

M^a Elena Rodríguez Borrajo

M^a Jesús López Cernadas

Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

José Eduardo Rodríguez Otero

Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde


Milagros Martínez García

Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica

M^a Begoña Castro Iglesia

Representante da Sección de Psicoloxía Educativa

Pode descargarse o último número da revista *Cadernos da Psicoloxía*, publicada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, no enderezo <http://cadernos.copgalicia.gal>



Páxina web do COPG

PÁXINA WEB

www.copgalicia.gal

Segue en funcionamento a páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que trata de ser atractiva, dinámica e funcional e, por tanto, está sempre en proceso de posibles cambios para mellorar, non só a presentación senón tamén os contidos e o dinamismo co que se pode acceder aos mesmos.



Portelo Único

www.copgalicia.org

En funcionamento o Portelo Único do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

18. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

MANIFESTOS E ARTIGOS DE OPINIÓ

Enviáronse aos medios de comunicación tanto de prensa escrita como audiovisual, os seguintes manifestos e artigos de opinión:

- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia denuncia o desleixamento do Goberno autonómico á saúde mental”. 18 de febreiro.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia alerta da progresión do ‘posmachismo’ na sociedade”. 7 de marzo.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía reclama maior asistencia no relativo á saúde mental materna”. 3 de maio.
- “O Colexio de Psicoloxía rexeita a colocación de videocámaras para previr o acoso escolar”. 10 de maio.
- “Os colexios de Psicoloxía, Traballo Social e Educación Social demandan a Cuatro a retirada do programa *Proyecto Bullying*”. 14 de xuño.
- “A atención psicolóxica, excluída nas becas para alumnado con necesidades educativas específicas”. 14 de setembro.
- “Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”. 24 de novembro.
- “O COPG condena os dous asasinatos machistas cometidos nesta fin de semana en Galicia”. 19 de decembro.

NOTAS DE PRENSA

- “A intervención psicolóxica reduce as dificultades da dislexia, trastorno que afecta a máis do 5% dos nenos e nenas”. 20 de xaneiro.
- “Colexio de Psicoloxía, xefaturas de Tráfico e Garda Civil alíanse para baixar a mortalidade nas estradas galegas de persoas maiores”. 5 de febreiro.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia lembra que a dominación e o control son as manifestacións máis comúns de violencia machista”. 11 de febreiro.
- “A valoración da perigosidade na práctica forense centra un obradoiro para profesionais da psicoloxía”. 12 de febreiro.
- “Colexio de Psicoloxía de Galicia fai fincapé no tratamento de alteracións condutuais e emocionais en persoas con dano cerebral adquirido”. 17 de febreiro.
- “Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia denuncia o desleixamento do Goberno autonómico á saúde mental”. 18 de febreiro.
- “Profesionais da psicoloxía reflexionan sobre os trastornos alimentarios e o vínculo de apego”. 25 de febreiro.

- “Os accidentes de tráfico e as persoas maiores centran unha conferencia do Colexio de Psicoloxía de Galicia”. 25 de febreiro.
- “Máis de cen relatores/as participan no maior congreso galego de psicoloxía do últimos 25 anos”. 2 de marzo.
- “Reanúdanse as Xornadas de Concienciación en Ferrol para persoas sancionadas por tráfico”. 4 de marzo.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia afonda no exercicio do *coaching* desde a psicoloxía”. 11 de marzo.
- “Psicólogas e psicólogos galegos revisan a técnica da entrevista de avaliación forense”. 1 de abril.
- “A atención a persoas transexuais centra a vindeira acción formativa do Colexio Oficial de Psicoloxía”. 21 de abril.
- “Persoas expertas analizarán a problemática do acoso escolar e recursos para abordalo”. 27 de abril.
- “Nova edición das Xornadas de Concienciación en Ferrol para persoas sancionadas por tráfico”. 6 de maio.
- “Profesionais do Colexio de Psicoloxía de Galicia revisan a comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes”. 20 de maio.
- “O Colexio de Psicoloxía promove un foro profesional sobre a orientación laboral e a promoción do emprego”. 26 de maio.
- “Acto inaugural do III Congreso de Psicoloxía de Galicia ‘Camiños da Psicoloxía’”. 3 de xuño.
- “Os colexios de Psicoloxía, Traballo Social e Educación Social demandan a Cuatro a retirada do programa *Proyecto Bullying*”. 14 de xuño.
- “Os dilemas da práctica da mediación en casuísticas especiais centra unha xornada do Colexio de Psicoloxía”. 1 de xullo.
- “Rematan as Xornadas de Concienciación en Ferrol para persoas sancionadas por tráfico”. 8 de xullo.
- “O Colexio de Psicoloxía analiza o modelo catalán para explorar a implantación da psicoloxía clínica en atención primaria”. 21 de setembro.
- “O Colexio de Psicoloxía promove a formación na detección, a avaliación e a intervención en acoso escolar”. 30 de setembro.
- “O Colexio de Psicoloxía analiza os espazos de intervención na xestión dos recursos humanos”. 7 de outubro.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia outorga o seu máximo galardón á Rede Galega de Loita contra a Pobreza”. 11 de outubro.
- “Profesionais da psicoloxía revisan a avaliación pericial en casos de violencia contra a muller”. 28 de outubro.
- “O Colexio de Psicoloxía de Galicia forma psicólogos/as no programa de rehabilitación neuropsicolóxica REHACOP”. 4 de novembro.
- “O Colexio de Psicoloxía de Galicia analizará a intervención no sinistro de Germanwings co coordinador do servizo de atención psicolóxica de emerxencias de Cataluña”. 10 de novembro.
- A atención á saúde mental nos diferentes ámbitos centra as XXI Xornadas de Psicoloxía e Saúde”. 15 de novembro.
- “Encontro ‘Pola igualdade’”. 15 de novembro.
- “As psicólogas e psicólogos galegos actualízanse nas novidades na avaliación de poboación condutora con discapacidade”. 18 de novembro.
- “A psicoloxía deportiva estatal revisa o seu rol profesional os días 25 e 26 de novembro en Santiago de Compostela”. 24 de novembro.

- “A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participa nas Jornadas Estatales de Psicología contra la Violencia de Género en Donostia”. 25 de novembro.
- “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entrega os Premios Literarios Rosa de Cen Follas”. 12 de decembro.

**PARTICIPACIÓN E SOLICITUDES
DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Durante este ano puxéronse en contacto co Colexio desde diferentes medios de comunicación para participar e opinar nas seguintes reportaxes e artigos:

No referente ás relacións cos medios de comunicación, foron difundidas máis de cincuenta notas de prensa e comunicados. Ademais, requiríuse a participación de profesionais de psicoloxía en máis de 140 ocasións este ano, nas que se trataron temas moi diversos, sendo a violencia de xénero, os problemas de saúde mental e o tráfico os tres ámbitos máis demandados. Póden-se consultar na páxina web do COPG no seguinte enlace: <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

Por soporte, a maioría foron publicadas en prensa escrita (47,1%), seguidas de radio (25,7%) e televisión (23,6%).



Soporte	Nº	Televisión	33
Prensa escrita	66	Online	4
Radio	36	Axencias	1

No referente aos medios de comunicación, a maioría das demandas procederon do xornal *La Voz de Galicia* (20,7%), seguido da Televisión de Galicia (17,1%) e do *Faro de Vigo* (15,7%).

Medio	Nº	Axencia Galega de Noticias	1
<i>La Voz de Galicia</i>	29	<i>Diario de Pontevedra</i>	1
TVG	24	<i>Diario Salud y Medicina Hoy</i>	1
<i>Faro de Vigo</i>	22	<i>El Progreso</i>	1
Radio Galega	19	<i>Entremayores</i>	1
Radio Voz	7	Es Radio	1
Vtelevisión	6	<i>Galicia Confidencial</i>	1
<i>El Correo Gallego</i>	4	Galipress	1
<i>La Opinión de A Coruña</i>	4	<i>La Región</i>	1
Cadena SER	3	<i>Praza Pública</i>	1
Cope	2	Radio Obradoiro	1
Onda Cero	2	Radio Vigo	1
Santiago TV	2	<i>Sermos Galiza</i>	1
ABC	1	TVE	1
<i>Atlántico Diario</i>	1		

Por áreas, a maioría das demandas foron dirixidas á Sección de Psicoloxía e Saúde (26,4%), seguido de Psicoloxía Educativa (16,43%) e Tráfico (11,4%).

19. SERVIZOS COLEXIAIS

EQUIPO DO COPG

Coordinación e comunicación

Eliana Martíns Alvela

Equipo administrativo

Eva Blanco Ferreira, *administrativa*

Mónica Figueira Rial, *administrativa*

Rosana Lorenzo Rivadulla, *auxiliar administrativa*

Raquel Martínez Mosquera, *administrativa*

Alicia Rodríguez Pedrares, *auxiliar administrativa*

M^a Teresa Santamónica Fernández, *administrativa*

REXISTRO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS ESPECIALISTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG dispón dun rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (R.D. 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS DO COPG

Coa entrada en vigor en 2007 da Lei 2/2007 de Sociedades Profesionais (BOE nº 65 de 16 de marzo de 2007), o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en marzo de 2008 o Rexistro de Sociedades Profesionais e aprobou o seu Regulamento de funcionamento.

A 31 de decembro de 2015 figuran 15 sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG, das cales 10 son de psicoloxía e 5 son multidisciplinares.

PRÉSTAMO DE MATERIAL DE AVALIACIÓN PSICOLÓXICA

O Colexio Oficial de Psicoloxía ofrece un servizo de préstamo de material de avaliación psicolóxica para as colexiadas e colexiados.

No ano 2016 adquiríronse os seguintes tests:

- TEST WISC V, Escala de Intelixencia de Wechsler para nenos - V
- PROGRAMA REHACOP (2 exemplares)
- TEST CECAD
- ISRA
- 16 PF-APQ

Neste ano fixeron uso do servizo de préstamo de test 120 colexiados e colexiadas.

Nome do test	Veces en empréstito	Nome do test	Veces en empréstito	Nome do test	Veces en empréstito
DST-J	19	WSCT	5	KUDER-C	3
IGF-5	1	CECAD	5	AFASIA	2
RAVEN	7	16 PF-APQ	7	BARCELONA	4
WISC IV	19	MACARTHUR	6	CLA	1
WAIS III	11	IAC	1	BFQ	3
PAI	4	CTI	5	BAIRES	1
MMPI-2 RF	6	PORTEUS	2	MACB-2	1
AVE	7	TIG	3	IFG3	2
RIAS	8	BIP	4	TP-R	5
IGF 2	4	16 PF-5	7	ALEXANDER	1
WPPSI-IV	12	LURIA DNA	4	IGF-1	2
CUIDA	4	DAT-5	2	FRIDA	1
MSCA	6	COMPETEA	3	EDI-3	3
ISRA	4	BASC	14	ISRA	1
D-2	10	MPPI-2	4	IFG4	2
CAQ	3	TRAUMA	3	IFG5	1
MSCEIT	4	LURIA INICIAL	5	BAIRES	1
NEO PI-R	9	IAC	2	BSCE	2
ENFEN	11	PEABODY	6	DECORE	1
CANDEX-R	6	CAMBIOS	3	IGF 6	1
EFAI	5	MY	2		
WMS IV	5	WISC V	5		

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas.

- Servizo de Asesoría Xurídica desempeñado pola avogada Cecilia Barros Díaz. O número de consultas atendidas foi de 591.
- Servizo de Asesoría Fiscal desempeñado polo economista José Luís Iglesias Sexto. O número de consultas atendidas foi de 96.

SERVIZO DE INFORMACIÓN LABORAL

Información na páxina web do COPG sobre ofertas de emprego para profesionais da psicoloxía.

INTERNET

Conta de correo electrónico co servidor do Colexio a aqueles colexiados e colexiadas que o soliciten e posibilidade de “aloxamento” de páxinas web das persoas colexiadas no servidor do Colexio Oficial de Psicoloxía.

FONDO DOCUMENTAL/BIBLIOTECA

Servizo de Biblioteca e Fondo Documental na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para o acceso dos colexiados e colexiadas do COPG aos fondos documentais da Facultade.

OUTROS SERVIZOS:

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88 S.A.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Correduría de Seguros Broker's 88 S.A. asinaron un acordo de colaboración para dar servizo, na área de seguros aos seus colexiados e colexiadas, coas mellores e máis solventes compañías, con prezos e condicións especiais para psicólogas e psicólogos colexiados:

■ Póliza de seguro de responsabilidade civil

A Xunta de Goberno do COPG acordou con Broker's 88 unha póliza colectiva de seguro de responsabilidade civil profesional coa compañía de seguros Zürich nunhas condicións moi especiais para os colexiados e colexiadas.

■ Seguro de asistencia sanitaria ASISA

A Correduría de Seguros Broker's acordou coa compañía de seguros sanitarios ASISA unha póliza de saúde en condicións preferentes para os colexiados e colexiadas do COPG.

SEGURO COLECTIVO DE VIDA/ACCIDENTES MAPFRE

MAPFRE VIDA e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia chegaron a un acordo que permitirá aos colexiados e colexiadas do mesmo a contratación dunha póliza seguro de vida.

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA MAPFRE/CAJA SALUD

O COPG acordou con MAPFRE/Caja Salud unha oferta de seguro de asistencia sanitaria para os colexiados e colexiadas e as súas familias.

CONSULTORÍA EN PROTECCIÓN DE DATOS

O COPG ten asinado un convenio coa empresa Protexdat, de Santiago de Compostela, polo que se ofrece aos colexiados e colexiadas os servizos de consultoría en protección de datos de carácter persoal contemplando tarifas especiais.

TUSCASASRURALES.COM

TusCasasRurales.com é un portal dedicado aos aloxamentos rurais por toda España. Os aloxamentos rurais adheridos a este acordo aplicarán un 10% de desconto aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

HOTEL SPA GALATEA*****

O COPG asinou un acordo de colaboración co Hotel Spa Galatea**** para ofrecer un 10% de desconto aos seus colexiados e colexiadas e aos seus familiares en todos os servizos do Hotel.

DESCONTO DO 10% NA CADEA OCA HOTEIS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio coa cadea de Oca Hotels, para que os colexiados e colexiadas poidan beneficiarse dun 10% de desconto nos seus aloxamentos.

SEGURO CASER SAÚDE INTEGRAL


O COPG acordou con CASER SEGUROS unha oferta de seguro de asistencia para os/as colexiados/as e as súas familias.

OFERTAS CAIXABANK

O COPG asinou con Caixabank unha oferta específica de produtos e servizos para os seus colexiados e colexiadas.

20. BALANCES ECONÓMICOS

INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDENTE DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS



Os membros da Asemblea Xeral do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Informe sobre as contas anuais abreviadas

Auditei as contas anuais abreviadas adxuntas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que comprenden o balance a 31 de decembro de 2016, a conta de perdas e ganancias e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Responsabilidade dos Xestores relativo as contas anuais

O Órgano de Xestión do Colexio é o responsable da formulación das contas anuais adxuntas, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A miña responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais adxuntas baseada na miña auditoría. Levei a cabo a miña auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. A citada normativa esixe que cumpra os requirimentos de ética, así como que planifique e execute a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorreccións materiais.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA.
15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197*


Una auditoría require da aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar as citadas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razoabilidade das estimacións contables realizadas pola dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Considero que a evidencia de auditoría que obtiven proporciona unha base suficiente e axeitada para a miña opinión de auditoría.

Opinión

Na miña opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a 31 de decembro de 2016, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

En Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2017.



JUAN JESUS GÓMEZ CAPEÁNS

AUDITOR DE CONTAS. MEMBRO ROAC 7197

Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA. 15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197

RETRIBUCIÓN ANUAIS DA XUNTA DE GOBERNO DO COPG

Mª Rosa Álvarez Prada	
Asignación	7.527,60 €
Asistencia a reunións	3.289,19 €
Hipólito Puente Carracedo	
Asistencia a reunións	2.924,02 €
Miguel A. Chouza Ponte	
Asistencia a reunións	3.468,08 €
Rocío García Calvo	
Asistencia a reunións	1823,87 €
Mª Concepción Prado Álvarez	
Asistencia a reunións	3.145,21 €
José Luis Domínguez Rey	
Asistencia a reunións	652,98 €
Ana Isabel Martínez Arranz	
Asistencia a reunións	831,99 €
Olegaria Mosqueda Bueno	
Asistencia a reunións	649,42 €
Eva Muíño Gómez	
Asistencia a reunións	544,15 €
José Manuel Oreiro Blanco	
Asistencia a reunións	688,07 €
Marta Rivas Rodríguez	
Asistencia a reunións	652,98 €
Concepción Rodríguez Pérez	
Asistencia a reunións	831,99 €
Víctor Manuel Torrado Oubiña	
Asistencia a reunións	435,32 €

BALANCE DE SITUACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2016

Títulos de Contas e Grupo	Importe	Títulos de Contas e Grupo	Importe
ACTIVO		PASIVO	
Inmobilizado	240.713,15	Fixo	510.226,29
Intanxible		Fondos propios	
2030 Patentes e marcas	1.369,72	1130 Fondo adquisición de local	35.029,99
2060 Aplicacións informáticas	124.120,70	1200 Remanente	464.879,81
2800 Amortización inmovilizado intanxible	-125.429,72	1290 Perdas e ganancias	10.316,49
Material			
2110 Construcións	195.478,59		
2120 Instalacións técnicas	158.003,14		
2160 Mobiliario	70.183,37		
2170 Equipos de proceso de datos	27.694,42		
2810 Amortización inmovilizado material	-210.707,07		
Circulante	379.469,22	Circulante	109.956,08
Deudores		Débedas a curto prazo	
4300 Clientes	21.983,80	4000 Proveedores	27.701,49
4360 Cotas devoltas	5.989,50	4070 Anticipos a provedores	-715,73
4400 Debedores	3.835,33	4109 Facturas pendentes de recibir	37.093,07
4409 Facturas pendentes de formalizar	117.633,30	4750 Facenda Pública, IVE	1.055,05
4410 Cotas inscrición aprazadas	205,00	4751 Facenda Pública retencións practicadas	31.950,39
4415 Efectos impagados	3.655,10	4760 Seguridade Social acreedora	1.684,37
4700 Facenda Pública, Imposto Sociedades	36,45	5200 Préstamos a curto prazo	4.224,09
		4900 Provisión para insolvencias	5.989,50
Contas financeiras		Axustes por periodificación	
5650 Fianzas e depósitos constituídos	20,00	4850 Ingresos anticipados	973,85
5700 Caixa	570,87		
5720 Bancos	222.563,26		
5740 Outras entidades financeiras	8,74		
Axustes por periodificación			
4800 Gastos anticipados	2.967,87		
TOTAL ACTIVO	620.182,37	TOTAL PASIVO	620.182,37

CONTA DE RESULTADOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2016

Títulos de Contas e Grupo	Importe	Títulos de Contas e Grupo	Importe
GASTOS		INGRESOS	
Gastos de estrutura	438.818,77	Ingresos de cotas e servizos	583.129,15
6210 Arrendamentos	1.645,08	7000 Novos colexiados	11.629,00
6211 Gastos de comunidade	408,17	7010 Outros colexiados	571.500,15
6220 Reparacións e conservacións	19.438,67	Ingresos de actividades	371.452,95
6230 Servs. profesionais independentes	21.029,80	7400 Subvencións	310.581,46
6250 Primas de seguro	9.218,31	7590 Cursos	28.217,81
6260 Servicios bancarios	4.970,82	7592 Publicidade de publicacións	200,00
6270 Publicidade e propaganda	5.657,06	7595 Mailings	3.067,48
6271 Relacións públicas	230,82	7599 Seccións	28.643,70
6280 Subministracións	24.406,85	7591 Encontros profesionais retribuídos	742,50
6282 Fotocopias	4.730,10	Outros ingresos	18.833,93
6283 Documentación e biblioteca	2.982,08	7598 Outros ingresos	770,00
6284 Outros gastos diversos	4.697,40	7691 Outros ingresos financeiros	191,80
6290 Empresas colaboradoras	2.657,35	7598 Outros ingresos extraordinarios	17.922,13
6298 Contribucións ao Consejo General	115.476,96		
6299 Psicofundación	6000,00		
6310 Impostos	42.699,37		
6400 Persoal fixo	140.638,50		
6420 Seguros Sociais	30.093,48		
6495 Formación do persoal	841,50		
6500 Cotas colexiais devoltas	825,00		
6690 Gastos financeiros	99,15		
6710 Perdas inmovilizado material	36,25		
6780 Gastos extraordinarios	36,05		
Gastos de actividades	471.895,94		
6070 Traballos realizados por outros profes.	298.843,86		
6291 Actividades non retribuídas	2.613,55		
6292 Beca Siota	3.000,00		
6293 Comisións	12.842,54		
6294 Seccións	41.490,44		
6295 Xunta de Goberno	44.445,01		
6296 Cursos	67.866,98		
6297 Encontros profesionais retribuídos	793,56		
Gastos de publicacións	27.086,19		
6287 Publicacións periódicas do COPG	25.051,49		
6288 Outras publicacións	1.395,00		
6289 Outros gastos de publicacións	639,70		
Amortizacións e provisiones	25.348,64		
6800 Amortización do inmovilizado	19.359,14		
6950 Dotación provisión	5.989,50		
TOTAL GASTOS	963.149,54		
RESULTADOS	10.316,49		
TOTAL	973.466,03	TOTAL INGRESOS	973.466,03

ORZAMENTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2017

Títulos de Contas e Grupo	Importe	Títulos de Contas e Grupo	Importe
GASTOS		INGRESOS	
Gastos de estrutura	445.922,04	Ingresos de cotas e servizos	577.240,00
6210 Arrendamentos	1.758,44	7000 Novos colexiados	7.000,00
6220 Reparacións e conservacións	7.160,00	7010 Outros colexiados	570.240,00
6230 Servs. profesionais independentes	40.616,07	Ingresos de actividades	237.800,00
6250 Primas de seguro	8.500,00	7400 Subvencións	200.000,00
6260 Servizos bancarios	5.000,00	7590 Cursos e congresos	20.000,00
6270 Publicidade e propaganda	3.800,00	7592 Publicidade en publicacións	300,00
6280 Subministracións	22.100,00	7595 Mailings	1.500,00
6281 Xurídicos e Contenciosos	4.000,00	7599 Seccións	16.000,00
6282 Fotocopias	2.000,00	Outros ingresos	4.300,00
6283 Documentación e biblioteca	2.850,00	7691 Outros ingresos financeiros	100,00
6284 Outros gastos diversos	8.220,00	7780 Ingresos extraordinarios	2.200,00
6290 Empresas colaboradoras	2.586,00	7790 Ingresos exercicios anteriores	2.000,00
6298 Contribucións ao Consejo General	119.926,57		
6310 IVE e outros impostos	23.750,00		
6400 Persoal fixo	139.740,00		
6420 Seguros Sociais	42.330,00		
6480 Formación do persoal	1.200,00		
6500 Cotas colexiais devoltas	10.377,96		
6690 Gastos financeiros	7,00		
Gastos de actividades	318.279,39		
6070 Traballos realizados por outros profes.	185.000,00		
6291 Actividades non retribuídas	5.100,00		
6292 Investigacións	3.000,00		
6293 Comisións	19.042,00		
6294 Seccións	38.684,47		
6295 Xunta de Goberno	47.452,92		
6296 Cursos	20.000,00		
Gastos de publicacións	35.800,00		
6287 Publicacións periódicas do COPG	28.000,00		
6288 Outras publicacións	6.500,00		
6289 Outros gastos de publicacións	1.300,00		
Amortizacións e provisións	19.338,57		
6820 Amortización do inmovilizado	19.338,57		
TOTAL GASTOS	819.340,00	TOTAL INGRESOS	819.340,00
RESULTADOS	0,00		
TOTAL	819.340,00		

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

Aprobada en Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados
do 14 de marzo de 2017

Deseño gráfico: uqui.net

D.L.: C 930-2019

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 53 40 49 / Fax: 981 53 49 83

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal